



CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Dando cumprimento ao disposto no art. 75.5, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, faise público que polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria de data 27 de Xuño de 2019, adoptouse o seguinte acordo sobre determinación das retribucións, asistencias e indemnizacións dos membros da Corporación:

I.-RETRIBUCIÓN: DETERMINACIÓN DOS CARGOS CON DEDICACIÓN PARCIAL.

PRIMEIRO.- Establecer as seguintes dedicacións e nas contías que se citan:

- Dedicación Exclusiva a prol da Alcaldía: Retribución bruta de 42.000,00 €/ano, distribuídas en 3.000,00 €/mes e 14 pagas (12 ordinarias + 2 extraordinarias).
- Dedicación exclusiva a prol do 1º Tenente de Alcalde e Delegado Xeral da Alcaldía, D. Luis Luaña Castelo: Retribución bruta de 24.500,00 €/ano, distribuídas en 1.750,00 €/mes e 14 pagas (12 ordinarias + 2 extraordinarias).
- Dedicación parcial do 25% a prol da concelleira-delegada Dna. Sonia Varela García: Retribución bruta de 8.050,00 €/ano, distribuídas en 575,00 €/mes e 14 pagas (12 ordinarias e 2 extraordinarias).

SEGUNDO.-

A retribución establecida devengarase no presente exercicio, con efectos do día 1 de xullo de 2019, data na que tamén será dado de alta no réxime xeral da seguridade social, sendo actualizada anualmente e con efectos do primeiro de xaneiro de cada exercicio, nun importe igual ao que se estableza para os funcionarios municipais.

TERCEIRO.- Publíquese este acordo nos lugares e na forma prevenida polo artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e no art. 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

II.- DETERMINACIÓN DAS INDEMNIZACIÓNS E ASISTENCIAS AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

PRIMEIRO.- Establecer con efectos do día seguinte ao do acordo plenario en que se aproben, as seguintes asistencias e indemnizacións (gastos de locomoción e dietas):

1º.- ASISTENCIAS: Os señores concelleiros que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial, recibirán pola asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, as seguintes indemnizacións por sesión:

- Asistencia efectiva ao Pleno Corporativo: 120 euros/sesión.
- Xunta de Goberno Local e Comisións informativas permanentes ou especiais: 60 euros/sesión.

No suposto de que coincidan na mesma data varias sesións, somentes se devengará indemnización pola asistencia á sesión polo que se establece unha indemnización de maior contía.

2º.- GASTOS DE LOCOMOCIÓN: O Sr. Alcalde-presidente, e os señores concelleiros recibirán pola asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, cando a súa residencia estea fixada fora da capitalidade do Concello e empreguen no seu desprazamento vehículo propio, a cantidade de 0,30 euros por kilómetro percorrido.

Igual indemnización recibirá o sr. Alcalde- Presidente, os concelleiros delegados e concelleiros sen delegación, nos supostos de desprazamentos en vehículo propio, para o desenvolvemento das tarefas inherentes ao cargo, tanto dentro do termo municipal coma fóra do mesmo.

3º.- INDEMNIZACIÓNS:

PRIMEIRO.- Os señores Concelleiros e o sr. Alcalde - Presidente recibirán as indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio dos seus cargos nas seguintes contías : Os gastos de aloxamento e/ou manutención debidamente xustificadas.

SEGUNDO.- A xustificación das indemnizacións farase mediante a presentación dos seguintes documentos:

a).- Declaración responsable do membro da corporación na que figurará o día, hora de saída e chegada, lugar, motivo do desprazamento e vehículo no seu caso empregado.

b).- Presentación da factura correspondente.

TERCEIRO.- Publíquese na forma prevenida polo artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 7 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no art. 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Begonte, a 1 de Xullo de 2019.- O Alcalde-Presidente, Asdo. José Ulla Rocha.

R, 1967

Anuncio

O Pleno desta Corporación Municipal, na sesión extraordinaria de data 27 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo sobre a asignación económica aos grupos políticos municipais:

- Cantidade fixa de 150 €/ mes, por Grupo.
- Cantidade variable: 30 €/ mes, por Concelleiro.

Os efectos económicos do presente acordo se producirán a partir do 1 de xullo de 2019

O que se fai público para coñecemento xeral.

Begonte, a 1 de Xullo de 2019.- O Alcalde-Presidente, Asdo. José Ulla Rocha.

R. 1968

Anuncio

Dando cumprimento ao disposto no art. 44.2 do Real Decreto 2.568/1.986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, faise público que polo sr. Alcalde - mediante a Resolución nº 286, do 24 de Xuño de 2019 - acordouse o seguinte:

De conformidade coas atribucións que me están conferidas polo artigo 23.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, artigo 61.3 e 4 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e nos artigos 43 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e coa finalidade de conseguir unha maior eficacia na xestión do goberno municipal, por medio do presente RESOLVE:

PRIMEIRO.- Sen perxuízo da delegación de atribucións a favor da Xunta de Goberno Local, vense en outorgar a prol dos señores concelleiros que se citan as seguintes delegacións de carácter xenérico:

A prol de D. José Antonio Vazquez García, as áreas de: Patrimonio e Medio Ambiente.

Nas áreas de referencia a delegación ten como ámbito:

- Dirección e inspección do servizo de recollida de lixo e tratamento de augas residuais.
- Mantemento e protección de parques e xardíns, protección do medio Ambiente.
- Conservación e protección do Patrimonio Público e Monumental Histórico e Artístico.
- Protección civil.

Esta delegación terá asignada unha dedicación ás tarefas propias do cargo, de luns a venres, en horario de 12.00 h. a 14.30 h.

A prol de D. Luis Luaña Castelo, as áreas de: Electrificación, Réxime Interior, Educación, e Deportes, Abastecemento de Augas , comprendendo:

- Delegación Xeral da Alcaldía.
- Réxime interior.
- Accesibilidade universal.

- Xestión da Biomasa.
- Dirección e impulso en materia de Educación e Deportes.
- Abastecemento de augas.

A prol de D. José Manuel Rábade Cacharrón, as áreas de Sanidade e Servizos Sociais, comprendendo:

- Asistencia sanitaria e dirección da Policía Sanitaria.
- Salubridade Pública.
- Defensa do consumidor.
- Servizos sociais.

A prol de Dña. Aurora Braña Veiga, as áreas de Muller e Familia, comprendendo:

.Programas propios destinados á infancia e terceira idade e Programas de apoio á Muller.

A prol de D. Ramiro Parga Coira, a área de Medio Rural, comprendendo.

- . Promoción do sector Agrícola e gandeiro.
- Promoción do sector forestal e industrias derivadas do mesmo

A prol de Dña. Marta Lombao Gómez, a área de Turismo, comprendendo:

Promoción turística

A prol de Dña. Lucía Goiriz Castro.

- Dirección e impulso da xestión urbanística.
- Policía urbana e rural.
- Xuventude.

A prol de Dña. Sonia Varela García.

- Dirección e impulso en materia de Cultura.
- Promoción do emprego.
- Promoción e relación cos movementos asociativos.

A Alcaldía asumirá as seguintes :

- . Vías e obras.
- . Participación cidadá.

SEGUNDO.- As facultades que se delegan comprenden a dirección, xestión e impulso dos asuntos correspondentes e non inclúen as de dictar resolución ou actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO.- As presentes delegacións surtirán efectos dende o día seguinte á data da presente resolución, previa aceptación dos interesados nos termos do artigo 114 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

CUARTO.- Publíquese a parte dispositiva desta resolución no Boletín oficial da Provincia de Lugo. Notifíquese persoalmente aos interesado e déaselle conta ao Pleno do Concello.

Este acordo deberá ser obxecto de publicación no seu momento na sede electrónica ou páxina web da Entidade Local, co fin de dar cumprimento ás obrigas de publicidade previstas no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Begonte, a 1 de Xullo de 2019.- O Alcalde-Presidente, José Ulla Rocha.

R. 1969

Anuncio

Dando cumprimento ao disposto no art. 46.1 do Real Decreto 2.568/1.986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, faise público que polo sr. Alcalde - mediante a Resolución nº 288, do 24 de Xuño de 2019 - acordouse o seguinte:

Os Tenentes de Alcalde, órganos individuais de natureza necesaria en tódolos Concellos, asumen a misión específica de substituír, pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade. Así o artigo 23.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases sobre o réxime local, establece:

"Os Tenentes de Alcalde substitúen, pola orde do seu nomeamento ao Alcalde, sendo libremente designados e revocados por este de entre os membros da Xunta de Goberno Local e, donde ésta non exista, de entre os concelleiros".

Vista a norma citada e os artigos 21 do Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril e 46 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Pola presente, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Nomear como Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros

1º Tenente de Alcalde: D. Luis Luaña Castelo.

2º Tenente de Alcalde: D. José Antonio Vázquez García.

3º Tenente de Alcalde: D. José Manuel Rábade Cacharrón.

SEGUNDO.- Establecer, aos efectos da suplencia orgánica do cargo de Alcalde-Presidente da Corporación, nos supostos previstos pola lexislación local vixente, así como o desempeño das funcións de Alcalde- Presidente nos supostos de vacante, a propia orde do seu nomeamento.

Para tal suplencia, teranse en conta as salvedades previstas no artigo 47, parágrafo 2º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como o límite que establece o artigo 48 do dito Regulamento.

TERCEIRO.- Publíquese a parte dispositiva desta Resolución no Boletín oficial da Provincia. Notifíquese persoalmente aos interesados e déaselle conta ao Pleno do Concello.

Este acordo deberá ser obxecto de publicación no seu momento na sede electrónica ou páxina web da Entidade Local, co fin de dar cumprimento ás obrigas de publicidade previstas no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Begonte, a 1 de Xullo de 2019.- O Alcalde-Presidente, José Ulla Rocha.

R. 1970

Anuncio

Dando cumprimento ao disposto no art. 52 do Real Decreto 2.568/1.986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, faise público que polo sr. Alcalde - mediante a Resolución nº 287, de 24 de Xuño de 2019 - acordouse o seguinte:

Visto o disposto nos artigos 23 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 52 e 53 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, (Aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro),

Pola presente, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local, para o suposto da súa creación polo Pleno, aos seguintes concelleiros :

- D. Luis Luaña Castelo.
- D. José Antonio Vázquez García.
- D. José Manuel Rábade Cacharrón.

SEGUNDO.- Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes atribucións :

- Desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado (autorizacións , disposicións de gastos e recoñecemento de obrigas)etc. a partir de 50.000 €.
- Aprobar a oferta de emprego público - de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno - aprobar as bases das probas para a selección do persoal funcionario e laboral - agás o persoal laboral temporal - e para os concursos de provisión de postos de traballo e a distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.
- Outorgar licenzas , agás que as Ordenanzas e as Leis sectoriais as atribúan ao Concello Pleno e, concretamente: Outorgamento de licenzas urbanísticas, Licenzas de apertura de establecementos públicos non calificados ou inocuos, Licenzas de apertura de Actividades calificadas ou suxeitas á avaliación ou incidencia ambiental, outorgamiento de licenzas sometidas ao Regulamento de Espectáculos e Establecementos Públicos.....etc, e todo elo agás aquelas comunicación previas, licenzas de menor complexidade , a autorización de bailes e verbenas populares, as autorizacións de lume.....etc.

- Contratación de obras, de concesións de obra, de concesión de servizos, subministracións, servizos e contratos privados, a partir de 50.000 €, sen IVE., sempre dentro dos límites establecidos da competencia da Alcaldía.
- A adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial e a enaxenación de bens, cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros.
- Aprobación de proxectos técnicos de obras e servizos a partir de 50.000 €.
- Aprobación de padróns fiscais e liquidacións tributarias individuais, agás aquelas liquidacións que resulten das comunicacións previas, licenzas ou outras autorizacións cuxa competencia para outorgalas sexa doutro órgano.

TERCEIRO.- Publíquese na súa parte dispositiva no Boletín oficial da Provincia de Lugo. notifíquese persoalmente aos interesados e déaselle conta ao Concello Pleno”.

Este acordo deberá ser obxecto de publicación no seu momento na sede electrónica ou páxina web da Entidade Local, co fin de dar cumprimento ás obrigas de publicidade previstas no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Begonte, a 1 de Xullo de 2019.- O Alcalde-Presidente, José Ulla Rocha.

R. 1971

BURELA

Anuncio

EXPEDIENTES 1207/2019 E 1208/2019. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. MAIO 2019.

Nas resolucións de Alcaldía núms. 2019-558 e 2019 559, de data 26 de xuño de 2019, avocouse a competencia delegada na Xunta de Goberno Local e prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de maio de 2019 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 6.891,95 €, correspondendo 1.078,80 € a libre concorrència e 5.813,15 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase o período voluntario de cobramento dende o día 25 de xullo de 2019 ata o día 25 de setembro de 2019, ambos os dous inclusive.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 27 de xuño de 2019.- O Alcalde – Presidente, Alfredo Llano García.

R. 1972

GUITIRIZ

Anuncio

MODIFICACION DO DECRETO DE DELEGACIÓN DE ALCALDÍA EN CONCELLEIROS/AS

A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz ditou o seguinte decreto en data 1/07/2019 cuxa parte dispositiva transcríbese a continuación:

“RESOLVO: (...)PRIMEIRO.- Modificar o decreto de alcaldía de data 19/06/2019 de delegacións de alcaldía en concelleiros/as no seguinte sentido:

-Outorgar a dona Paula Campo Barral, primeira tenente de alcalde, a delegación nos asuntos de Medio rural, Medio ambiente e Réxime interior.

O resto do decreto mantén a súa redacción orixinal.

SEGUNDO.- O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte á súa firma, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, notificarase persoalmente aos designados, debendo dar conta do mesmo ao Pleno Municipal na primeira sesión que celebre ao abeiro do preceptuado no artigo 38 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.”

O que se fai publico en cumprimento do disposto na lexislación vixente.

Guitiriz, 1 de xullo de 2019.- A alcaldesa, Maria Sol Morandeira Morandeira.

R. 1973

MEIRA

Anuncio

CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Meira na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo do 2019 aprobou as bases do proceso selectivo para a contratación de tres (3) condutores do vehículo motobomba da brigada de prevención e defensa dos incendios forestais do Concello de Meira.

De acordo coa Base 6ª faise público dito proceso selectivo mediante anuncio no BOP de Lugo e á publicación íntegra das bases no Taboleiro de Anuncios e na páxina web municipal.

Aqueles aspirantes que desexen participar no devandito proceso, disporán dun prazo de cinco (5) días naturais para a presentación das instancias.

Meira, 8 de xullo do 2019.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2093

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, na sesión celebrada o día 8 de xullo de 2019, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2018, por un prazo de quince días, a contar dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales e oito máis os que se estimen interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen convintes.

Meira, 8 de xullo de 2019.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2094

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

ACORDOS PLENARIOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE O NOVO RÉXIME DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONCELLO:

Celebrado con data 25 de xuño de 2019 sesión extraordinaria do Concello Pleno, a fin de adoptar acordos varios relativos á organización municipal, publícase a parte dispositiva dos mesmos, do xeito seguinte:

Información Pública

PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO CONCELLO PLENO.

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 25 de xuño de 2019 por sete votos a favor (grupos socialista e popular) e un voto en contra (BNG), acordou:

1º) Que as sesións ordinarias do Concello Pleno teñan periodicidade bimensual, celebrándose nos meses de **xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro**.

2º) Que se celebren o **último mércores de cada un dos meses citados, ás 16,00 horas** caso de que coincida en día inhábil ou festivo, celebraranse o primeiro día hábil seguinte.

Información Pública

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E PERIODICIDADE DAS SÚAS SESIÓNS.

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 25 de xuño de 2019, por unanimidade dos oito membros presentes adoptou o seguinte acordo:

1º) Que a Comisión Especial de Contas, se compoña de cinco membros do xeito seguinte:

- O Alcalde como presidente
- Dous membros do grupo municipal socialista.
- Un membro do grupo municipal popular.
- Un membro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

2º) Esta Comisión terá como únicas competencias as relativas ó exame, estudio e informe da Conta Xeral e das demais contas anuais e celebrará sesión cando haxa que someter á súa consideración ó exame, estudio ou informe de tales contas.

Información Pública

CREACIÓN E PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 25 de xuño de 2019, por sete votos a favor (grupos socialista e popular) e un voto en contra (BNG) adoptou o seguinte acordo:

1º) Proceder á creación da Xunta de Goberno Local formada, segundo dispoñen os artigos 23 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local en relación co 52 do Regulamento de Organización, e 65 da Lei de Administración Local de Galicia, polo Alcalde e un número de Concelleiros non superior ao tercio do número legal deles, e dícir, polo Alcalde e tres Concelleiros.

2º) Que a Xunta de Goberno Local, para o exercicio das súas competencias resolutorias, celebre sesión ordinaria cada quince días.

Información Pública

NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MONTES E VALES ORIENTAIS (GDR3).-

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 25 de xuño de 2019, por cinco votos a favor (grupo socialista) dous en contra (grupo popular) e una abstención (BNG), adoptou o seguinte acordo:

Nomear como representantes deste Concello na Asociación de Desenvolvemento Rural Montes e Vales Orientais GDR3, os membros seguintes:

Titular: Don José Fernández Fernández-Alcalde do Concello.

Suplente: Don Manuel Romero Pérez-3º Tenente Alcalde.

Información Pública

NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DE NAVIA DE SUARNA".

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 25 de xuño de 2019, por cinco votos a favor (grupo socialista) e tres votos en contra (grupo popular e BNG), adoptou o seguinte acordo:

Nomear como representante deste Concello no consello escolar do C.P.I. de Navia de Suarna á Concelleira dona Eva Fernández Lorigo.

Información Pública

FIXACIÓN DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA PARA O CARGO DE ALCALDE E DETERMINACIÓN DAS RETRIBUCIÓNS A APLICAR.

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 25 de xuño de 2019, por cinco votos a favor (grupo socialista) e tres votos en contra (grupo popular e BNG), adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Que o exercicio do cargo de Alcalde sexa desempeñado con dedicación exclusiva.

Segundo: Fixar á Alcaldía, polo desempeño con dedicación exclusiva do cargo, unha retribución bruta anual de 42.452,24 €, que serán distribuídas en 14 pagas iguais, con alta na seguridade social polas contingencias que procedan, e efectos económicos dende a data de aprobación desta proposta".

Terceiro.- Que o presente acordo sexa publicado no Taboleiro municipal de anuncios e Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Información Pública

INDEMNIZACIÓN ÓS MEMBROS CORPORATIVOS POR ASISTENCIA ÁS SESIÓNS, GASTOS OCASIONADOS EN EXERCICIO DO CARGO E LOCOMOCIÓNS.

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 25 de xuño de 2019, por cinco votos a favor (grupo socialista) dous en contra (grupo popular) e unha abstención (BNG), acordou aprobar a proposta da Alcaldía que literalmente copiada di:

“Constituída a nova Corporación é necesario fixar as indemnizacións que corresponderán ós membros corporativos, tanto por asistencia ás sesións dos órganos colexiados do Concello como polos gastos ocasionados no exercicio do cargo.

Por esta razón, esta Alcaldía, vistos os artigos 75 da Lei reguladora das bases de réxime local e 13 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, presenta ó Pleno a seguinte proposta:

1º.- INDEMNIZACIÓNS:

1.A) POR ASISTENCIA A SESIÓNS

1.- Os membros corporativos que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, percibirán por asistencia efectiva a cada sesión dos órganos colexiados municipais, unha indemnización de **50,00 euros**.

1.B) POR GASTOS OCASIONADOS EN EXERCICIO DO CARGO

1.- Por cada viaxe que realicen os membros corporativos por asuntos oficiais fóra do termo municipal, percibiranse as seguintes cantidades:

Dieta por manutención (xantar e cear)	80,00 €/ día
Media dieta (soamente comida ou cea)	40,00 €/ día
Aloxamento:	90,00 €/ noite

2º.- GASTOS DE LOCOMOCIÓN

Os gastos de locomoción que se lles ocasionen ós membros corporativos por desprazamentos oficiais ou asistencia ás sesións dos órganos colexiados municipais, serán pagados segundo a contía que estableza a norma estatal reguladora das indemnización por gastos de locomoción en vehículo propio, estanto fixado na actualidade en **0,19 €/Km** pola Orde EHA/3770/2005 de 1 de decembro, pola que se revisa o importe das indemnizacións por uso de vehículo particular establecida en el Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servico. Cando a viaxe se realice por outro medio de locomoción distinto do vehículo propio, será pagado o custo do mesmo según factura.

3º.- XUSTIFICACIÓN DO GASTO

As indemnizacións por asistencia ás sesións dos órganos colexiados municipais xustificaranse mediante certificación de Secretaría, expedida coas formalidades legais, na que se faga constar o nome, apelidos e DNI de cada Concelleiro, relación de sesións nas que consta a súa asistencia e importe total a pagar. Tales indemnizacións serán pagadas no mes de decembro de cada ano natural, previa aprobación pola Alcaldía.

Os gastos de locomoción por asistencia a sesións serán relacionados na mesma certificación de Secretaría na que consten as asistencias e serán aboados xuntamente con elas.

O percorrido que se terá en conta para o recoñecemento de gastos de locomoción aos membros corporativos por asistencia ás sesións dos órganos colexiados municipais, será a distancia de ida e volta desde o seu domicilio oficial ata a Casa-Consistorial ou lugar no que se celebre a sesión. A tal efecto, todos os concelleiros que teñan dereito a locomoción por este concepto, presentarán, dentro dos dez días seguintes á aprobación desta proposta, declaración facendo constar a distancia en Km dende o seu domicilio oficial á Casa do Concello

Cando se celebren varias sesións consecutivas no mesmo día, aboaranse os gastos de locomoción equivalentes a unha viaxe (ida e volta).

As dietas de membros corporativos por viaxes oficiais serán xustificadas por declaración de cada membro na que faga constar o día, lugar e motivo da viaxe, hora de saída do Concello ou domicilio oficial, hora de regreso e liquidación que corresponde según as contías aprobadas.

Para ter dereito a media dieta, nos viaxes oficiais de duración inferior a 24 horas, terá que xustificarse que a saída do Concello ou residencia oficial foi anterior ás 14,00 horas e o regreso posterior ás 16,00 horas.

Nas viaxes oficiais de duración superior a 24,00 horas, Terán que detallarse os actos oficiais ós que se asiste cada un dos días nos que se permanece desplazado. O día de saída, ademáis de dieta por pernocta, dará lugar a dieta por manutención completa se queda xustificada a necesidade de que a viaxe comeze antes das 14.00 horas, de seren posterior, somamente dará lugar a media dieta. No día de regreso pagaranse os gastos de pernocta se éstos quedan xustificadas e dieta ou media dieta sempre que quede xustificada a chegada en horario posterior ás 20,00 ou ás 14,00 horas respectivamente.

Os gastos de viaxe en transporte público, ou aqueles ocasionados por aparcamentos e outros que se poidan ocasionar en desprazamentos, serán pagados contra factura ou tique que a substitúa.

Os gastos de locomoción ocasionados ós membros corporativos por desprazamentos en vehículo propio por asuntos oficiais, xustificaranse mediante unha conta na que se faga constar marca, modelo e matrícula do vehículo utilizado, lugar e motivo da viaxe, precio Km e importe total. Cando unha viaxe oficial de dereito a dieta e gasto de locomoción, serán xustificadas nunha mesma conta.

As dietas e gastos de locomoción ocasionados aos membros corporativos por viaxes oficiais serán aboadas trala súa aprobación polo Sr. Alcalde, e os ocasionados á Alcaldía serán pagadas trala súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.”

Información Pública

PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DOTACIÓN ECONÓMICA ÓS GRUPOS MUNICIPAIS.

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 25 de xuño de 2019, por seis votos a favor (grupo socialista e BNG) e dous en contra (grupo popular), adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Establecer , con cargo aos orzamentos municipais anuais, a seguinte asignación económica os grupos políticos municipais: unha asignación de 100 €/semestre a cada grupo político municipal e de 80 €/semestre por cada concelleiro obtido polo grupo político.

Esta asignación non poderá destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica desta dotación que porán a disposición do Concello Pleno sempre que éste o pida.

Segundo.- Esta asignación será pagada con cargo á partida 912.48 do estado de gastos do orzamento municipal.

Terceiro.- Tal asignación será pagada nos primeiros 20 días de cada semestre natural, mediante transferencia bancaria. A tal efecto, os grupos políticos municipais, no prazo de 15 días, a contar do seguinte ao de aprobación da presente proposta, presentarán no Concello un certificado da conta bancaria aberta ao seu nome. En ningún caso, a asignación será transferida a conta bancaria na que o titular non sexa o grupo municipal.

Información Pública

DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 25 de xuño de 2019, por cinco votos a favor (grupo socialista) dúas abstencións (grupo popular) e un voto en contra (BNG), adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local, por razón de eficacia e operatividade, as seguintes competencias, dentro das que legalmente son delegables, e que ten atribuídas o Pleno no artigo 22 da Lei 7/85, de Bases do Réxime Local:

1) A aprobación de proxectos de obra e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos Presupostos.

2) As demais que expresamente confiran as leis e non esixan para a súa probación unha maioría especial e especialmente as competencias en materia de contratación atribuídas o Pleno pola disposición adicional segunda da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Segundo.- A presente delegación de atribucións comprende tanto a competencia para dictar actos de trámite como resolutorios sobre o fondo do asunto e que afecten a terceiros.

Terceiro.- O exercicio das competencias delegadas farase de conformidade con canto se estableza na lexislación de aplicación e co réxime xeral previsto no regulamento de organización, Funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e surtirá efectos a partir do día seguinte ó da adopción do preceptivo acordo municipal, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Información Pública

O Señor Alcalde, en materia de organización municipal dictou as seguintes resolucións, dando conta seguidamente ao Pleno:

A) Resolución da Alcaldía sobre nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local.- Dáse lectura á Resolución da Alcaldía de data 21 de xuño de 2019 que literalmente copiada di:

“O artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que a Xunta de Goberno Local está formada polo Alcalde e un número de Concelleiros non superior ó tercio do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente pola Alcaldía, dando conta ó Pleno. No mesmo sentido aparece regulado no artigo 52 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Caso de que a nova Corporación resultante das eleccións celebradas o día 26 do pasado mes de maio acorde a creación da Xunta de Goberno Local, procede nomear os membros desta Xunta.

Por esta razón, en uso das atribucións concedidas polos artigos arriba citados, acordo:

Primeiro.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local os seguintes Concelleiros:

- Don José Manuel Álvarez Cruz
- Don Manuel Gómez López
- Don Manuel Romero Pérez

Segundo.- A presente Resolución queda sometida á condición suspensiva de que polo Concello Pleno se acorde a creación deste órgano, será notificada persoalmente ós nomeados, publicada no Boletín Oficial da Provincia e darase conta da mesma ó Concello Pleno na primeira sesión que celebre.

A Corporación quedou enterada.

B) Resolución da Alcaldía sobre nomeamento de Tenentes de Alcalde.- Dáse conta de Resolución da Alcaldía de data 21 de xuño de 2019, sobre nomeamento de Tenentes de Alcalde que literalmente copiada di:

“Os Tenentes de Alcalde son órganos necesarios en todos os Concellos correspondendo ao Alcalde o seu nomeamento, según dispoñen os artigos 20.a, 23.3 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 35.2 e 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 62.1 da Lei 5/97, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Constituída a nova Corporación como consecuencia das eleccións municipais celebradas o pasado 26 de maio de 2019, esta Alcaldía debe proceder ó nomeamento dos Tenentes de Alcalde.

Por esta razón, acordo:

Primeiro.- Nomear Tenentes de Alcalde deste Concello ós seguintes Concelleiros:

- Primeiro Tenente de Alcalde: Don José Manuel Álvarez Cruz
- Segundo Tenente de Alcalde: Don Manuel Gómez López
- Terceiro Tenente de Alcalde: Don Manuel Romero Pérez

Segundo.- A presente Resolución, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, será efectiva desde o día seguinte ó da data na que foi dictado.”

A Corporación quedou enterada.

C) Resolución da Alcaldía sinalando día e hora de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.- Dáse conta de Resolución da Alcaldía de data 21 de xuño de 2019, que literalmente copiada di:

“O artigo 112.3 do Real Decreto 2568/86, de 29 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais atribúe á Alcaldía a facultade de fixar o día e hora na que deban celebrarse as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

Facendo uso de tales facultades, ACORDO:

1º) Caso de que O Concello Pleno acorde que a periodicidade da sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local sexa quincenal, éstas celebraranse o primeiro e terceiro martes de cada mes ás 14,00 horas; de coincidir con inhábil ou festivo, celebrarase o primeiro día hábil seguinte.

A Corporación quedou enterada.

D) Resolución da Alcaldía sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.- Seguidamente dáse lectura á Resolución da Alcaldía de data 21 de xuño de 2019 sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local que literalmente copiada di:

“Os artigos 21.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia, facultan ao Alcalde para delegar algunhas das súas atribucións na Xunta de Goberno Local cando exista.

Caso de que por este Concello se acorde crear a Xunta de Goberno Local, esta Alcaldía en uso das atribucións que lle confiren os artigos citados, acorda:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes funcións:

- a) A autorización e disposición de gastos cuxa contía supere 6.000 € ata alcanzar o límite de competencia da Alcaldía.

- b) O recoñecemento e liquidación de obrigas derivadas das autorizacións e disposicións do apartado anterior, con excepción das seguintes: Nóminas; cotizacións á seguridade social; gastos de enerxía eléctrica, teléfono e similares; as correspondentes ós contratos de servizos; cuotas de amortización e intereses de operacións de crédito debidamente formalizados, as dietas, indemnizacións e gastos de locomoción por asistencia ás sesións dos órganos colexiados municipais dos concelleiros e cantas obrigas teñan contía hasta 6.000 €.
- c) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co presuposto e plantilla aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, con excepción das bases reguladoras dos procesos de selección de personal para as campañas contra incendios, persoal contratado con cargo a programas específicos subvencionados pola Xunta de Galicia ou Deputación Provincial que será competencia da Alcaldía.
- d) A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- e) A aprobación de proxectos de obras e servizos cuxa contratación sexa competencia da Alcaldía, estean previstas no presuposto e superen a contía de 6000,00 €.
- f) Outorgar licencias, ágas que as Ordenanzas e as Leis sectoriais as atribúan ao Concello Pleno
- g) As competencias en materia de contratación atribuídas ao Alcalde pola disposición adicional segunda da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transpoñen ao ordeamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sempre e cando superen a contía de 6000 €.

Segundo.- A delegación de competencias comprende as facultades tanto para dictar actos de trámite como resolutorios sobre o fondo do asunto e que afecten a terceiros.

Terceiro.- O exercicio das competencias delegadas farase de conformidade con canto establece a lexislación de aplicación e co réxime xeral previsto no regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e surtirá efecto dende o mesmo día en que a Xunta de Goberno Local se pronuncie sobre á súa aceptación.

Cuarto.- A presente Resolución queda sometida á condición suspensiva de que polo Concello Pleno se acorde a creación da Xunta de Goberno Local.

A Corporación quedou enterada.

E) Resolución da Alcaldía sobre delegación de atribucións nos Tenentes de Alcalde.- Seguidamente dáse lectura á Resolución da Alcaldía de data 21 de xuño de 2019 sobre delegación de atribucións nos Tenentes de Alcalde que literalmente copiada di:

“De conformidade coas atribucións que me concede o artigo 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e coa finalidade de conseguir a maior calidade posible na prestación de servizos.

RESOLVO:

- 1º) Nomear ó primeiro Tenente de Alcalde don José Manuel Álvarez Cruz, Delegado de Urbanismo e Facenda.
- 2º) Nomear ó segundo Tenente de Alcalde don Manuel Gómez López, Delegado de Educación, Cultura e Deportes.
- 3ª) Nomear ó Terceiro Tenente de Alcalde don Manuel Romero Pérez, Delegado de Medio Ambiente e Medio Rural.
- 4ª) Nomear á Concelleira dona Eva Fernández Lorido, Delegada de Xuventude, Festas e Servizos Sociais.

As delegacións realizadas comprenden as funcións de impulsión, seguimento e control das actividades relacionadas coas áreas delegadas, sen facultades resolutorias e dando conta permanente a Alcaldía.

5º) Notifíquese a presente Resolucións ós interesados, publíquese no Boletín Oficial da Provincia e dése conta da mesma ó Concello Pleno na primeira sesión que celebre.”

Navia de Suarna, 2 de xullo de 2019.- O Alcalde, José Fernández Fernández

R. 1975

Anuncio

En relación co acordo acadado polo Pleno desta Corporación na súa sesión celebrada o día 16 de maio de 2011, en relación á **DECLARACIÓN DE CONCELLEIROS/AS ELECTOS/AS SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE I ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS E DE DECLARACIÓN SOBRE BENS E DEREITOS PATRIMONIAIS**, faise público que con data que se reflicte, foron recibidas as declaracións

efectuadas no modelo normalizado polos concelleiros/as electos/as que a continuación se enumeran.

Estas declaracións foron inscritas no rexistro de intereses do concello, segundo certificación da Secretaria Xeral do Concello asinada en data 15 de xuño de 2019, cos seguintes números de entrada:

O que se fai público en cumprimento do establecido no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

CANDIDATO/A A CONCELLEIRO/A ELECTO/A MANDATO 2019--2023	CANDIDATURA	PATRIMONIO INCOMPATIBILIDADE Rexistro/data
JOSÉ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	PSdeG-PSOE	447 de 14.06.2019 e 448 de 14.06.2019.
JOSÉ MANUEL ÁLVAREZ CRUZ	PSdeG-PSOE	418 de 11.06.2019 e 419 de 11.06.2019.
MANUEL GÓMEZ LÓPEZ	PSdeG-PSOE	450 de 15.06.2019 e 451 de 15.06.2019.
MANUEL ROMERO PÉREZ	PSdeG-PSOE	436 de 13.06.2019 e 437 de 13.06.2019.
EVA FERNÁNDEZ LORIDO	PSdeG-PSOE	422 de 11.06.2019 e 423 de 11.06.2019.
JESÚS MARÍA FERNÁNDEZ LÓPEZ	PP	412 de 11.06.2019 e 413 de 11.06.2019.
MARÍA JULIA GONZÁLEZ LOSADA	PP	414 de 11.06.2019 e 415 de 11.06.2019.
FAUSTINO PÉREZ GÓMEZ	PP	424 de 11.06.2019 e 425 de 11.06.2019.
ROBERTO CARBALLO LÓPEZ	BNG	452 de 15.06.2019 e 453 de 15.06.2019.

Navia de Suarna, 2 de xullo de 2019.- O Alcalde, D. José Fernández Fernández.

R. 1976

RIBAS DE SIL

Anuncio

NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE E CREACIÓN DE CONCELLERÍAS DELEGADAS

De conformidade co disposto no artigo 44 e 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, fanse públicas as seguintes Resolucións da Alcaldías das que se deu conta ao Pleno na pasada sesión de 27.06.2019:

a) RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA REFERENTE A NOMEAMENTOS DE TENENTE DE ALCALDE

“DON MIGUEL ÁNGEL SOTUELA VEGA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBAS DE SIL, PROVINCIA DE LUGO

Os artigo 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o 62 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, do Réxime Local de Galicia, así coma os artigos 47 e 48 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, establecen que a designación dos Tenentes de Alcalde é competencia desta Alcaldía.

En virtude do establecido nas disposicións referenciadas no apartado anterior con data de hoxe, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcalde deste Concello, con efectos do día de hoxe aos concelleiros seguintes:

- Primeiro Tenente de Alcalde: Don Roberto Castro González
- Segundo Tenente de Alcalde: Don Luis Rodríguez Macía

SEGUNDO.- Corresponde ós nomeados, polo mesmo orde, substituírme na totalidade das miñas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións; así como nos supostos de vacante ata que tome posesión o novo Alcalde.

TERCEIRO.- A presente resolución notificarase ós designados persoalmente, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

b) RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA REFERENTE Á CREACIÓN DE CONCELLERÍAS DELEGADAS

“DON MIGUEL ÁNGEL SOTUELA VEGA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBAS DO SIL, PROVINCIA DE LUGO.

De conformidade coa normativa vixente, vid. artigos, 43 e ss do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e de conformidade co disposto no artigo 61, parágrafo 3º da lei 5/97, de Administración Local de Galicia, “ O Alcalde poderá delegar o exercicio das súas atribucións nos membros da Comisión de Goberno e, no caso de que esta non existise, nos tenentes de alcalde, agás as de convocar e presidi-las sesións do Pleno e da Comisión de Goberno e as mencionadas nas letras b), f), j) e k) do apartado 1 deste artigo. O Alcalde poderá, así mesmo, conferi-las delegacións especiais para encargos específicos, a prol de calquera concelleiro, aínda que non pertenza á Comisión de Goberno. parágrafo 4º.- O acordo de delegación determinará os asuntos que esta comprenda, as potestades que se deleguen e as condicións concretas do seu exercicio”.

De acordo co disposto no ROF, as delegacións especiais, poden ser de tres tipos, a) relativas a un proxecto ou asunto determinado, b) relativas a un determinado servizo, c) relativas a un distrito o barrio. Considerando que as delegacións relativas a un determinado servizo son as que comprenden a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non poderán incluí-la facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear ós seguintes concelleiros/as delegados/as:

- Nomear a don Roberto Castro González, concelleiro delegado de Cultura.
- Nomear a don Luis Rodríguez Macía, concelleiro delegado de Medio Ambiente e Medio Rural.
- Nomear a D^a. Rosa María Quiñones Rodríguez, concelleira delegada de Asuntos Sociais, Familia e Terceira Idade.

SEGUNDO.- O presente Decreto de delegación da atribucións surtirá efecto dende o día seguinte a presente resolución.

TERCEIRO.- Do presente Decreto darase conta o Pleno na primeira sesión que celebre notificándose os designados e publicarse no Boletín oficial da Provincia sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte á súa sinatura.”

Ribas de Sil, 2 de xullo de 2019.- O Alcalde, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 1977

Anuncio

APROBACIÓN DAS RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN, DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO

De conformidade co disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 18 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e nos artigos 51 e 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, faise público que o Pleno do Concello de Ribas de Sil na sesión extraordinaria celebrada o día 27.06.2019 acordou, entre outros, os acordos que na súa parte dispositiva foron os seguintes:

PRIMEIRO.- Cargos con dedicación parcial:

Alcalde Presidente: dedicación parcial de 50 % de xornada dentro dos límites da lei de orzamentos xerais do estado para o 2018, actualmente prorrogados para o 2019. Esta adicación ao 50 % acada o límite de **22.778,63 €** ano (14 pagas). A dedicación ao 50 % manterase en tanto o Alcalde perciba unha dedicación parcial do 50 % con cargo aos Orzamentos Provinciais da Excm. Deputación Provincial de Lugo. No momento en que eventualmente o Alcalde deixe de percibir esta adicación parcial provincial, a dedicación municipal do Alcalde incrementárase ao 75 % de xornada e dentro dos límites da lei de orzamentos xerais do estado para o 2018, actualmente prorrogados para o 2019. Esta adicación ao 75 % acada o límite de **31.062,05 €** ano (14 pagas).

Concelleira delegada de Asuntos Sociais, Familia e Terceira Idade: dedicación parcial ao 50 % de xornada dentro dos límites da lei de orzamentos xerais do estado para o 2018, actualmente prorrogados para o 2019. Esta adicación ao 50 % acada o límite de **22.778,63 €** ano (14 pagas). Faise constar que esta adicación de 1627,04 €/mes brutos, se prevé para 3 meses neste ano 2019, e comezarse a aboar no momento en que se habilite o crédito adecuado e suficiente para o seu libramento.

SEGUNDO.- Solicitar á Tesourería da Seguridade Social a Alta do Alcalde – Presidente do Concello e da Concelleira delegada de Asuntos Sociais, Familia e Terceira Idade dende aprobación plenaria das dedicacións, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social impoñen ás Empresas en relación cos traballadores ó seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

TERCEIRO.- Asistencias.

Tódolos membros da Corporación, agás os que desempeñen o seu cargo con dedicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

A.- Por asistencia a Plenos, comisións e outros órganos colexiados sesenta euros (60€) por sesión.

CUARTO.- Dietas e gastos de locomoción.

Aqueles membros da corporación que realicen comisións de servizo fóra do término municipal terán dereito a ser indemnizados nas contías seguintes: á provincia fóra do Concello: noventa euros/día (90,00 €/día), ao resto de Galicia: cento cincuenta euros día (150 €/día), fóra de Galicia: cento oitenta euros día (180,00/día).

A indemnización que se percibirá como gasto da viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será a cantidade por quilómetro percorrido que se indica no Real Decreto 462/2002 de demais normas posteriores de actualización. Nos restantes casos, indemnizarase polo importe do billete ou pasaxe.

QUINTO.- Ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da Corporación.

SEXTO.- Que queden derogados Decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo.

b) DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA ALCALDÍA

PRIMEIRO.- Que o Pleno da Corporación delegue na Alcaldía-Presidencia aquelas funcións que recolle o artigo 22 da Lei 7/1985 como propias deste órgano colexiado pero susceptibles de ser delegadas segundo o artigo 22.4 de dita Lei.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia.

Notificándose os designados e publicarase no Boletín oficial da Provincia sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte á súa sinatura.”

Ribas de Sil, 2 de xullo de 2019.- O Alcalde, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 1978

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 08.07.2019 acordou a aprobación inicial do expediente de crédito extraordinario financiado mediante unha operación de crédito.

Aprobado inicialmente o expediente de crédito extraordinario financiado mediante unha operación de crédito, por Acordo do Pleno de data 08.07.2019 en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello: <https://concelloribasdesil.sedelectronica.gal/info.0>

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Ribas de Sil, 9 de xullo de 2019.- O Alcalde, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 2110

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

En relación co acordo acadado polo Pleno desta Corporación na súa sesión celebrada o día 15 de xuño de 2019, en relación á **DECLARACIÓN DE CONCELEIROS/AS ELECTOS/AS SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS E DE DECLARACIÓN SOBRE BENS E DEREITOS PATRIMONIAIS**, faise público que coa data que se reflicte, foron recibidas as declaracións efectuadas no modelo normalizado polos concelleiros/as electos/as que a continuación se enumeran.-

Estas declaracións foron inscritas no rexistro xeral do concello cos seguintes números de entrada:

CANDIDATO A CONCELEIRO/A ELECTO	CANDIDATURA	PATRIMONIO INCOMPATIBILIDADE rexistro/data
ROBERTO FERNÁNDEZ RICO	PS de G - PSOE	368 de 14.06.2019 e

		369 de 14.06.2019
ALBERTO FERREIRO FERREIRO	PS de G - PSOE	372 de 14.06.2019 e 373 de 14.06.2019
MARÍA ENCARNACIÓN ÁLVAREZ MÉNDEZ	PS de G - PSOE	366 de 14.06.2019 e 367 de 14.06.2019
ANTONIO GÓMEZ GÓMEZ	PS de G - PSOE	374 de 14.06.2019 e 375 de 14.06.2019
MARÍA LUISA LÓPEZ PARDO	PS de G - PSOE	370 de 14.06.2019 e 371 de 14.06.2019
CASIMIRO FERNÁNDEZ CANCIO	PS de G - PSOE	376 de 14.06.2019 e 377 de 14.06.2019
JAVIER RÚÍZ DE ALMIRÓN SCHLUNG	P.P.	378 de 15.06.2019 e 379 de 15.06.2019

O que se fai público en cumprimento do establecido no artigo 75.7 da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.-

Ribeira de Piquín, 8 de xullo de 2019.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 2095

VILALBA

Anuncio

Faise público que na sesión extraordinaria celebrada polo Pleno do Concello o día 4/07/2019, deuse conta dos decretos que ditou S. S^a a alcaldesa, na data 2/07/2019, sinalados cos números 375 e 376, respectivamente da designación dos membros da Xunta de Goberno Local e dos tenentes de alcalde, e dos sinalados cos números 377 e 380/2019, respectivamente nas datas 2/07/2019 e 4/07/2019, das delegacións especiais en favor dos/as concelleiros/as; así mesmo, nesta sesión, tratáronse os asuntos relacionados coa composición e creación dos grupos municipais e a súa asignación, do réxime de dedicacións e persoal eventual e o seu réxime retributivo, do réxime indemnizatorio dos membros da Corporación, do réxime de sesións do pleno, delegacións do pleno na Xunta de Goberno Local, creación e composición das comisións informativas, e do nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados, transcribíndose de seguido o seu contido, no que consta, según proceda, o seu acordo ou dación de conta.

1. COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dase conta pola Sra. Alcaldesa dos decretos ditados con data 2/07/2019, que se transcriben de seguido:

DECRETO de S. S^a a alcaldesa, dona M^a Elba Veleiro Fernández.

De conformidade coas atribucións que me outorga o **art. 23 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local**, e o **art. 52 do ROF**, aprobado polo **RD 2568/86, do 28 de novembro, RESOLVE:**

Primeiro. Que a Xunta de Goberno Local presidida por esta alcaldía estará integrada polos cinco concelleiros que figuran a continuación:

D. Rodrigo Pavón Prieto

Dña. Marta M^a Rouco Seoane

D. Luis Fernández Álvarez

D. Ignacio Criado Montenegro

D. Xosé Teixeira Pérez

Segundo.

2. 1. Que a Xunta de Goberno Local terá como atribucións as seguintes:

a) Asistencia ao alcalde no exercicio das súas funcións.

b) As atribucións que delego nesta, na forma en que se dispón no **art. 43.2 do ROF** e que son:

• **b.1) Das reguladas no artigo 21.1 (letras f, g, h, j, n, o, q, r e s) as que se describen seguidamente.**

• **Letra f)** Recoñecer todas as obrigas e a aprobación de todos os gastos dentro dos límites que competan ó alcalde así como a ordenación do seu paqamento, coa excepción dos que se indican a continuación: os gastos imputables ó capítulo 1 (nóminas, seguros sociais, ...), gastos de indemnizacións por asistencias a órganos colexiados dos membros da corporación, gastos de indemnizacións por razón do servizo do personal municipal

e órganos de goberno, gastos obxecto de domiciliación bancaria (cotas de xuros, amortizacións da débeda municipal, comisións bancarias, outros gastos financeiros imputables ó capítulo 3, ...), asignacións dos grupos políticos e a concesión e aboamento de anticipos de nómina ao persoal municipal, e a concesión e xustificación de subvencións, agás as axudas de emerxencia social.

- **Letra g)** Aprobar a oferta de emprego público de acordo co presuposto e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.
- **Letra h)** Sancións do persoal.
- **Letra j)** As aprobacións dos instrumentos do planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- **Letra n)** Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.
- **Letra o)** A aprobación dos proxectos de obras e dos servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no presuposto.
- **Letra q)** O outorgamento das licenzas, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.
- **Letra r)** Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello adoptados pola Xunta de Goberno Local.
- **Letra s)** As demais que expresamente lle atribúan a leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas asignen ao municipio e non atribúan a outros órganos municipais.

b.2) As establecidas na **Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público**, en concreto:

As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis milions de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

A competencia para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

b.3) As que lle atribúa ao alcalde a **Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia**.

b.4) As que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas, asignen ao municipio e non atribúan a outros órganos municipais.

b.5) Todas as que lle atribúan as leis.

2.2. De conformidade co establecido no art. 115 do ROF, a delegación que se confire neste decreto comprende o coñecemento, instrución e resolución das reclamacións ou recursos de toda índole e natureza, agás o de alzada, que se formulen ou interpoñan polos interesados nos procedementos administrativos, contra os actos definitivos ou de trámite, nos supostos previstos nas leis, ditados pola Xunta de Goberno Local no exercicio das facultades que lles foron delegadas.

Terceiro.

a) La Junta de Gobierno Local celebrará sesión ordinaria todas las semanas, los lunes, en horario habitual, a las 17:00 h.

b) Sesión constitutiva. La constitución de la Junta de Gobierno Local se celebrará el próximo lunes, día 8/07/2019, a las 16:45 horas (**art. 112 del ROF y 46 del texto refundido**).

Cuarto. Dar conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

O que se fai público para os efectos do que se dispón no art. 52.4 do ROF.

Mándao e asínao a S. Sª, e eu secretaria, Ana Mª Rubiera Álvarez, certífico.

DECRETO de S. S^a a alcaldesa, dona M^a Elba Veleiro Fernández.

En uso das atribucións conferidas polo art. 46 do ROF, procedo a nomear **tenentes de alcalde** aos seguintes concelleiros:

Primeiro teniente de alcalde, don Rodrigo Pavón Prieto

Segunda teniente de alcalde, doña Marta M^a Rouco Seoane

Terceiro teniente de alcalde, don Xosé Teixeira Pérez

Cuarto teniente de alcalde, don Luis Fernández Álvarez

Quinto teniente de alcalde, don Ignacio Criado Montenegro

Dar conta ao Pleno na súa primeira sesión.

O que se fai público para os efectos do que se dispón no art. 46.1 do ROF.

Mándao e asínoa a S. S^a, e eu secretaria, Ana M^a Rubiera Álvarez, certificoo.

DECRETO de S. S^a a alcaldesa, dona M^a Elba Veleiro Fernández.

Primeiro: Ao abeiro e de conformidade coas atribucións conferidas no art. 43 e seguintes do ROF, resolvo realizar, a favor dos/as concelleiros/as que a continuación se sinalan, as delegacións especiais seguintes:

A don Rodrigo Pavón Prieto: Espazos cidadáns, relacións coa veciñanza e servizos.

A dona Marta M^a Rouco Seoane: Políticas sociais e réxime interno.

A don Luis Fernández Álvarez: Economía, Facenda, Infraestructuras e Urbanismo.

A dona Vanesa Rut Siso Calvo: Cultura, Comunicación e Igualdade.

A don Ignacio Criado Montenegro: Emprego, Medio ambiente e rural.

A dona Antía Rama Rivas: Educación, Infancia e Mocidade, e Feiras e Mercados.

A don Xosé Teixeira Pérez: Deportes

A don Modesto Renda Santiso: Turismo e Promoción do Comercio Local.

Segundo: As delegacións especiais, efectuadas no apartado anterior, enténdense conferidas como delegacións da dirección e xestión interna dos servizos, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Terceiro: A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ó da súa sinatura, e será publicada no BOP. Asimesmo esta resolución será notificada ós/ás interesados(as), facéndolles saber que, de acordo co que dispón o art. 114 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, a delegación entenderase aceptada tacitamente se no prazo de 3 días hábiles, contados dende a notificación, non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante o órgano delegante.

Cuarto: Dar conta ao Pleno na súa primeira sesión.

O que se fai público para os efectos do que se dispón no art. 44.2 do ROF.

Mándao e asínoa a S. S^a, e eu secretaria, Ana M^a Rubiera Álvarez, certificoo.

DECRETO de S. S^a a alcaldesa, dona M^a Elba Veleiro Fernández.

Visto que o día 2/07/2019 ditouse pola alcaldía o decreto número 377 de realización a favor dos concelleiros e concelleiras as delegacións especiais, e concretamente, a de Medio ambiente e rural a favor do concelleiro don Ignacio Criado Montenegro.

Visto que é a miña intención atribuírlle a este concelleiro a delegación de “emprego”, e de conformidade coas atribucións que me confire o art. 21.1 da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, resolvo:

Primeiro: Ó abeiro e de conformidade coas atribucións conferidas no art. 43 e seguintes do ROF, realizar a favor do concelleiro, **don Ignacio Criado Montenegro**, a delegación especial de “**Emprego, Medio Ambiente e Rural**”.

Segundo: Dar traslado do presente decreto ó Pleno e ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a súa notificación ós interesados no expediente.

Mándao e asínoa S. S^a a alcaldesa, do que eu, secretaria, Ana M^a Rubiera Álvarez, dou fe.

2. COMPOSICIÓN Y CREACIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS, E A SÚA ASIGNACIÓN.

1º) De conformidade cos arts. 24 e 25 do ROF e 74 y 75 d Lei 5/97 de Administración Local de Galicia e 73.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dáse conta ao Pleno dos **grupos políticos constituídos na Corporación municipal, así como dos portavoces de cada un deles e dos seus suplentes.**

Relacionanse a continuación os seus compoñentes:

- **Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE:**

- Portavoz: don Rodrigo Pavón Prieto

- Suplentes: dona Marta Mª Rouco Seoane, don Xosé Teixeira Pérez, don Luis Fernández Álvarez, dona Vanesa Rut Siso Calvo, don Ignacio Criado Montenegro, dona Antía Rama Rivas e dona Mª Elba Veleiro Fernández.

- **Grupo Municipal do Partido Popular – PP:**

- Portavoz: don Agustín Baamonde Díaz.

- Suplentes: dona Sandra Vázquez Domínguez, dona Agustina Fernández Pérez, dona Inmaculada Ramudo Rodríguez, don Adrián Lozano López, dona Consuelo Grandío Pardo e don Amador Ángel Guerra Ramil.

- **Grupo Municipal de Vilalba Aberta - VA:**

- Portavoz: don Modesto Renda Santiso

- Suplente: dona María Xosé Fernández Pardo

O Pleno queda enterado deste primeiro punto.

2º) Dáse conta así mesmo da proposta da alcaldía sobre as asignacións económicas aos grupos políticos existentes na Corporación, nos seguintes termos: De conformidade co establecido no art. 73.3 da Lei 7/85, asignar aos tres **grupos políticos** existentes na Corporación, a dotación económica fixa de **300,00 euros** por grupo e mes, e outra variable de **6,00 euros** por mes e por membro de grupo. Ambas cantidades se transferirán trimestralmente a cada grupo político integrante da Corporación, tendo a obriga de levar unha contabilidade específica da dotación, que porán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o solicite.

Así mesmo, poderá solicitar un anticipo de ata un 50% do total, e a 31 de decembro, deberá estar xustificado o importe da asignación concedida, mediante presentación das correspondentes facturas e/ou documento ou documentos análogos, conforme á lexislación vixente sobre os gastos correntes dos grupos políticos.

O presente acordo deberase publicar no BOP, no taboleiro de anuncios e no portal de transparencia.

Sometido este segundo punto a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda a súa aprobación.

3. RÉXIME DE DEDICACIÓNS E PERSOAL EVENTUAL, E O SEU RÉXIME RETRIBUTIVO.

Dáse conta das propostas da alcaldía sobre as dedicacións dos membros da Corporación e da creación dunha praza de personal eventual, así como do seu réximen retributivo, nos termos que se expresan nos seguintes puntos:

- Dedicacións exclusivas:

- Crear, segundo o establecido nos **artigos 75.1, 75bis e 75 ter da Lei 7/85**, a dedicación exclusiva da alcaldía, con **xornada laboral completa**, e, cunha retribución anual bruta de **45.000 euros**, distribuído en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.

- Crear, segundo o establecido nos **artigos 75.1, 75bis e 75 ter da Lei 7/85**, unha dedicación exclusiva de concellalía con **xornada laboral completa**, e cunha retribución anual bruta de **23.000 euros**, distribuído en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.

- Dedicacións parciais:

- a) Crear, segundo o que se dispón nos **arts. 75.2 e 75bis da Lei 7/85**, unha dedicación parcial de concellalía, con **xornada laboral ao 65%**, e unha retribución anual bruta de **14.950 euros**, distribuído en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro

- b) Crear, segundo o que se dispón nos **arts. 75.2 e 75bis da Lei 7/85**, unha dedicación parcial de concellalía con **xornada laboral ao 65%**, e unha retribución anual bruta de **14.950 euros**, distribuído en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.

- c) Crear, segundo o que se dispón nos **arts. 75.2 e 75bis da Lei 7/85**, unha dedicación parcial de concellalía con **xornada laboral ao 65%**, e unha retribución anual bruta de **14.950 euros**, distribuído en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro..

d) Crear, segundo o que se dispón nos **arts. 75.2 e 75bis da Lei 7/85**, unha dedicación parcial de concellalía con xornada laboral ao 15%, e unha retribución anual bruta de **3.450 euros**, distribuído en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro

O devengo das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro, estarán suxeitas ás mesmas normas que as previstas para o persoal funcionario.

As dedicacións anteriormente creadas surtirán efectos económicos a partir de que, pola alcaldía, se proceda a designar aos membros da Corporación para desempeñar os seus cargos con dedicación exclusiva ou parcial, e se acepte expresamente por cada concelleiro asignado.

.....
O presente acordo deberase publicar no BOP, no taboleiro de anuncios e no portal de transparencia.

Unha vez concluídas as intervencións e sometidos todos os puntos da proposta a votación, o Pleno, por maioría absoluta, cos votos a favor do grupos socialista (8) e de Vilalba Aberta (2), e en contra do grupo popular (7) acorda a súa aprobación.

4. RÉXIME INDEMNIZATORIO DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Dáse conta da proposta da alcaldía sobre o réximen indemnizatorio dos membros da Corporación, que é a seguinte:

1º) Fixar a todos os membros da Corporación, con excepción daqueles que teñan dedicación exclusiva ou parcial, as seguintes cantidades indemnizatorias por asistencia a sesións:

- Pleno, 100 euros.
- Xunta de Goberno Local, 60 euros.
- Comisións informativas, 60 euros.

Para os efectos indemnizatorios, só se computará unha única sesión cando se celebren dúas ou máis sesións deste órgano municipal nunha mesma xornada (mañá ou tarde), e a súa liquidación será **trimestral**.

2º) Sinalar dietas a todos os membros da Corporación por servizos ou representacións no exercicio do seu cargo, fóra do termo municipal, polos conceptos de dieta completa, media dieta e quilometraxe, nas contías establecidas anualmente, conforme ao que se dispón no **RD 462/2002**, sobre indemnizacións por razón de servizo.

O presente acordo deberase publicar no BOP, no taboleiro de anuncios e no portal de transparencia.

Unha vez concluídas as intervencións e sometida esta proposta a votación, o Pleno, por maioría absoluta, cos votos a favor dos grupos socialista (8) e de Vilalba Aberta (2), e a abstención do grupo popular (7), acorda a súa aprobación.

5. RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO, DELEGACIÓNS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

Dáse conta da proposta da alcaldía sobre o réxime de sesións do Pleno, delegacións do Pleno na Xunta de Goberno Local, creación e composición das comisións informativas, que é a seguinte:

1) Réxime de sesións do Pleno. Proponse a celebración do Pleno con **carácter bimensual**, nos **meses impares**, o **último xoves de mes**, ás **19:00 h**, e a celebración de **comisión informativa** cunha antelación de **2 días hábiles á celebración do Pleno**.

2) Delegacións do Pleno na Xunta de Goberno Local. Propóñense as delegacións que se expresan a continuación, dando conta ao Pleno de cantas sexan exercidas na primeira sesión que celebre:

2.a) Das contidas no **art. 22.1 da Lei 7/85, reguladora das Bases de réxime local**, as seguintes:

- j. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.
- Do contido do apartado k), a declaración de lesividade dos actos do alcalde ou da Xunta de Goberno Local, incluso os que se adopten por delegación.
- m. A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10% dos recursos ordinarios do presuposto - agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior - todo iso de conformidade co que se dispón na **Lei reguladora das facendas locais**.
- ñ. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda estean previstos nos presupostos.
- q. As demais que expresamente lle confiran as leis.

2.b) As establecidas na disposición adicional segunda da **Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público**, en concreto:

- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos que non sexan de competencia da alcaldía, así como a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais.
- A competencia para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas á alcaldía, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.
- A constitución das xuntas de contratación e a determinación dos límites cuantitativos aos que se refire o apartado 4, segundo parágrafo, da devandita disposición adicional segunda.

3) De conformidade co establecido non art. 115 do ROF, a delegación que se confire neste acordo comprende ou coñecemento, instrución e resolución das reclamacións ou recursos de toda índole e natureza, excepto ou de alzada, que se formulen ou interpoñan polos interesados nos procedementos administrativos, contra vos actos definitivos ou de trámite, nos supostos previstos nas leis, ditados pola Xunta de Goberno Local non exercicio das facultades que lles foron delegadas.

3) Creación e composición das comisións informativas.

- **Especial de contas.**
- **Asuntos do pleno.**
- **Servizos sociais, educación, cultura, participación cidadá, deportes e mocidade.**
- **Urbanismo, infraestruturas e medio ambiente.**
- **Desenvolvemento local, emprego, comercio e turismo.**

A súa composición será: a alcaldesa e tres representantes máis do Grupo Socialista, tres representantes do Grupo Popular e un representante do Grupo de Vilalba Aberta, que deberán ser designados polo portavoz de cada un dos grupos mediante escrito dirixido á alcaldía, indicando titulares e suplentes.

O presente acordo deberase publicar no BOP, no taboleiro de anuncios e no portal de transparencia.

Concluídas as intervencións e sometidos todos os puntos desta proposta a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda a súa aprobación.

6. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

Dáse conta da proposta da alcaldía sobre o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados, que é a seguinte:

1º) Designar aos representantes do Concello nos consellos escolares:

IES Santiago Basanta Silva: dona Marta Mª Rouco Seoane

IES Lois Pena Novo: don Ignacio Criado Montenegro

CEIP Manuel Mato Vizoso: don Modesto Renda Santiso

CEIP Antonio Insua Bermúdez: don Rodrigo Pavón Prieto

CEIP Monseivane, en Moreda (Lanzós): dona Mª Xosé Fernández Pardo

CEIP Terra Chá de Román: don Rodrigo Pavón Prieto

Escola de Educación Infantil de Vilalba: dona Vanesa Rut Siso Calvo

Escola Infantil de Vilalba: dona Antía Rama Rivas

Conservatorio Municipal: don Luís Fernández Álvarez

2º) Designar aos membros do "Padroado da Fundación para a protección de persoas con diminución psíquica Vilalba-Terra Chá", en representación do Concello de Vilalba, tendo en conta que, segundo o estipulado nos estatutos da Fundación, devandito Padroado está integrado por:

- O alcalde do Excmo. Concello de Vilalba, como presidente da Fundación.
- A concelleira de Servizos Sociais do Excmo. Concello de Vilalba, como vicepresidenta da Fundación.
- Catro concelleiros/ as, en representación dos grupos políticos integrantes da Corporación.
- Presidente/a de a Asociación de pais e nais de persoas con discapacidade " Adiante" do municipio de Vilalba, ou persoa pertencente ao órgano de goberno da Asociación na que delegue.
- Secretaria, interventora, tesoureira e traballador/a social que desempeñen as funcións no Excmo. Concello de Vilalba.

Polo tanto, procede a designación polo Pleno dos catro concelleiros que representarán proporcionalmente a todos os grupos políticos que o integren, e que son os seguintes:

◦ Dous en representación do Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE:

- **Dna. Vanesa Rut Siso Calvo**

- **Dna. Antía Rama Rivas**

◦ Un en representación do Grupo Municipal do Partido Popular PP:

- **D. Agustín Baamonde Díaz**

◦ Un en representación do grupo Municipal de Vilalba Aberta VA:

- **M.ª Xosé Fernández Pardo**

Os anteriormente designados quedan facultados para a firma da escritura notarial e demais actos necesarios que leven a cabo para o funcionamento da Fundación.

3º) Designar como representante do Concello a S. Sª a alcaldesa, dona Mª Elba Veleiro Fernández, nos seguintes órganos:

• **"Asociación de Desenvolvemento Comarcal dá Terra Chá", con CIF G27383496**

• **"Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar", con CIF S15000723**

O presente acordo deberase publicar no BOP, no taboleiro de anuncios e no portal de transparencia.

Concluídas as intervencións e sometidos todos os puntos da proposta a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda a súa aprobación.

Vilalba, 8 de xullo de 2019.- A alcaldesa. Mª Elba Veleiro Fernández.

R. 2105

Anuncio

Faise público que O Pleno do Concello, na súa sesión extraordinaria celebrada o día 4/07/2019, segundo o que se dispón **no art. 12.1 do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), e nos 70.2, 89, 104 e 104 bis da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como no art. 126.1 do texto refundido de réxime local, adoptou, por maioría absoluta, cos votos a favor dos grupos socialista (8) e de Vilalba Aberta (2), e en contra do grupo popular (7), os seguintes acordos:**

***Primeiro:* Modificar inicialmente o cadro de persoal aprobada co vixente presuposto municipal, mediante a creación dunha praza de persoal eventual, destinada á función de servizos xerais deste concello, coa **xornada laboral completa** e unha retribución anual bruta de **25.000 euros**, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.**

O devengo das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro, estarán suxeitas ás mesmas normas que as previstas para o persoal funcionario.

***Segundo:* Expoñer ó público o presente acordo, durante o prazo de 15 días, mediante a súa publicación no BOP.**

***Terceiro:* Unha vez definitivamente aprobado, remitir copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, e proceder á súa publicación no BOP, para os efectos do seu coñecemento e entrada en vigor.**

O presente acordo deberase publicar no BOP, no taboleiro de anuncios e no portal de transparencia.

Vilalba, 8 de xullo do 2019.- A alcaldesa. M.ª Elba Veleiro Fernández.

R. 2106

XERMADE

Anuncio

Presentación das declaracións de incompatibilidades e actividades económicas e a de bens patrimoniais

En cumprimento do establecido no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), faise público que todas as concelleiras e todos os concelleiros da Corporación Municipal de Xermade que cesan como tales tralas eleccións locais realizadas o 26 de maio do 2019, así como todas as concelleiras e todos os concelleiros que resultaron electos trala realización das mesmas, presentaron as declaracións de

incompatibilidades e actividades económicas e as de bens patrimoniais e de participación en sociedades de todo tipo, nas datas que se sinalan a continuación, e todas elas atópanse depositadas na Secretaría do Concello:

NOME E APELIDOS	DATA DE PRESENTACIÓN	Nº REXISTRO
Concelleiras e Concelleiros electos		
Laura Romero Gato	13/06/2019	2019-E-RC-1002
José Luis Vilasuso Paz	13/06/2019	2019-E-RC-1001
Isabel Campello Ares	13/06/2019	2019-E-RC-991
Antonio Riveira Requeijo	13/06/2019	2019-E-RC-999
Nélida Coira Pena	13/06/2019	2019-E-RC-998
Verónica Amarelo Morado	13/06/2019	2019-E-RC-997
Carlos A. Guerra González	13/06/2019	2019-E-RC-988
José Prieto Barro	13/06/2019	2019-E-RC-987
Roberto García Pernas	13/06/2019	2019-E-RC-986
Concelleiras e Concelleiros cesantes		
José Prieto Barro	13/06/2019	2019-E-RC-995
Roberto García Pernas	13/06/2019	2019-E-RC-994
Luis Otero Paz	13/06/2019	2019-E-RC-993
Mario Félix García Prieto	13/06/2019	2019-E-RC-992
Isabel Campello Ares	13/06/2019	2019-E-RC-1000
Antonio Riveira Requeijo	13/06/2019	2019-E-RC-990
Tamara Paz Balsa	13/06/2019	2019-E-RC-989
Carlos A. Guerra González	13/06/2019	2019-E-RC-996
Luis Antonio Vilasuso Seco	13/06/2019	2019-E-RC-985
Andrés Castro Ramos	01/07/2019	2019-E-RC-1162

Xermade, 1 de xullo de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1979

Anuncio

Asunto: delegacións en concelleiros resultante da nova organización municipal na Corporación 2019-2023

Faise público o Decreto núm. 299/2019, adoptado pola Alcaldía o 24/06/2019, relativo á delegacións en concelleiros resultante da nova organización municipal na Corporación 2019-2023, que se transcribe de seguido:

“Decreto

Asunto: delegacións en concelleiros resultante da nova organización municipal na Corporación 2019-2023.

DON ROBERTO GARCÍA PERNAS , ALCALDE DO CONCELLO DE XERMADE, (LUGO).-

Vista a Corporación municipal resultante das eleccións celebradas o 26 de maio de 2019, procede adoptar os acordos necesarios para a posta en marcha dunha nova organización municipal.

Ao abeiro do disposto nos artigos 21.2 e 23.4 da Lei 7/85, de 2 de abril , reguladora das Bases de Réxime Local e 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, o Alcalde poderá delegar o exercicio das súas atribucións na Xunta de Goberno Local e nos Tenentes de Alcalde, así como delegar cometidos específicos en calquera concelleiro aínda que non pertenza á Xunta de Goberno.

Xa que logo, e en uso das facultades que me confiren os artigos 21.3 e 21.2 e 23.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; 61.3 e 4 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, **RESOLVO:**

Primeiro.- Facer delegacións especiais ós seguintes concelleiros nos servizos que se relacionan:

- D. José Prieto Barro (1º tenente de alcalde): Medio rural, Emprego, Infraestruturas de Auga, Sumidoiro, Alumeado Público e recollida de RSU, Medio ambiente e Forestal .
- D. Carlos Alberto Guerra González (2º tenente de alcalde): Economía e Facenda, Turismo, Sanidade e Protección Civil.
- Dª. Verónica Amarelo Morado (3º tenente de alcalde): Educación, Cultura, Deportes, Xuventude e Relacións coas Asociacións Veciñais.
- Dª. Nélica Coira Pena: Benestar social e Igualdade.

Segundo.- A delegación inclúe as facultades de dirección interna e xestión dos servizos, non incluíndo a facultade de resolver ningún expediente.

Terceiro.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que este celebre, notificarase persoalmente ós designados e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da data en que se dicta a mesma, consonte co disposto nos apartados 2 e 4 do artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986.

Mándao e asíno o señor Alcalde-Presidente, en Xermade, na data indicada á marxe, do que eu, secretaria, dou fe.- O Alcalde-Presidente. Ante mín, A Secretaria.

Xermade, 1 de xullo de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas

R. 1980

Anuncio

Faise público o Decreto núm. 300/2019, adoptado pola Alcaldía o 24/06/2019, relativo ao nomeamento de tenentes de alcalde resultante da nova organización municipal na Corporación 2019-2023, que se transcribe de seguido:

“Decreto

nomeamento de tenentes de alcalde.

DON ROBERTO GARCÍA PERNAS, ALCALDE DO CONCELLO DE XERMADE, (LUGO).-

Vista a Corporación municipal resultante das eleccións celebradas o 26 de maio de 2019, procede adoptar os acordos necesarios para a posta en marcha dunha nova organización municipal.

Tendo en conta que a xunta de goberno local non é de existencia preceptiva en municipios de menos de cinco mil habitantes, a súa creación correspóndelle ao Pleno; en consecuencia, procede o nomeamento de tenentes de alcalde entre os concelleiros do grupo de goberno, non podendo exceder en número dun terzo dos membros da Corporación (tres).

No uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; 62 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, **RESOLVO:**

Primeiro.- Nomear tenentes de alcalde aos concelleiros seguintes, e pola orde que se sinala:

1º. D.José Prieto Barro.

2º. D. Carlos Alberto Guerra González.

3º. Dª. Verónica Amarelo Morado.

Aos tenentes de alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír ó alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde de nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, así como desempeña-las funcións de alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Segundo.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente ós designados, e publicárase no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-Presidente, en Xermade, 1 de xuño de 2019 do que eu, secretaria, dou fe.

O Alcalde-Presidente, Ante min A Secretaria”

Xermade, 1 de xullo de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas

R. 1981

MINISTERIO DE FACENDA BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) – XERMADE

Anuncio

VI PREMIO DE INVESTIGACIÓN “XERMADE NA HISTORIA”

BDNS (Identif.): 464691

O Concello de Xermade, a Asociación de Veciños de Cabreiros e a Facultade de CC. Da Educación da USC, convocan o VI Premio de Investigación “Xermade na historia”, financiado pola Exma. Deputación de Lugo e será regulado polas seguintes

BASES

1. Os/as interesados/as poderán participar a nivel individual ou como colectivo.
2. Cada autor/a poderá concursar con cantos traballos desexe.
3. Os temas sobre os que poderán versar os traballos deberán estar relacionados co patrimonio etnográfico e cultural do Concello de Xermade (tradicións, festas, ritos, arte popular, lendas, memoria histórica, costumes, literatura oral, arquitectura, etc).
4. Haberá dous premios:
 - 1º Premio, dotado con 2.000 euros.
 - 2º Premio, dotado con 1.000 euros.
5. Os traballos deberán ser entregados no rexistro do Concello de Xermade baixo pseudónimo, ou a través de correo postal. En sobre pechado serán incluídos os datos do participante: Nome, enderezo, teléfono...
6. Coa presentación dos orixinais deberá ser incluída, tamén, a seguinte documentación:
 - Curriculum Vitae dos solicitantes ou, se é do caso, información detallada das características da asociación, colectivo, grupo...
 - Modelo de presentación debidamente cumprimentado. O modelo poderá descargarse da páxina web do concello: www.xermade.org
7. Deberase entregar orixinal en papel e copia en CD, en formato PDF ou Word, fonte Times New Roman, corpo 12, DIN A4.
8. A extensión dos traballos será dun mínimo de 50 folios e un máximo de 400. As páxinas ocupadas polas notas, bibliografía, mapas, fotografías, etc, tamén se contabilizarán.
9. Os traballos deberán ser realizados e presentados e en lingua galega.
10. A data límite de presentación dos traballos será o día 15 de febreiro de 2020.
11. O xurado estará presidido polo Sr. Alcalde do Concello de Xermade, e catro vogais: Presidente da Asociación de Veciños de Cabreiros e tres especialistas en materias relacionadas co patrimonio etnográfico e cultural. Actuará como secretario/a un/ha funcionario/a do concello de Xermade. A composición do xurado determinarase por resolución de alcaldía que se fará pública antes do 15 de marzo de 2020.
12. Unha vez que o xurado falle os premios, que poderán ser declarados desertos, daranse a coñecer a través dos medios de comunicación.
13. As persoas premiadas deberán comunicar por escrito ao Concello de Xermade a aceptación do Premio no prazo de oito (8) días naturais a partir da data da comunicación da concesión do mesmo.
14. As obras premiadas poderán ser editadas polo Concello dentro do prazo dun ano; transcorrido o mesmo, os seus autores/as disporán delas libremente, pero no momento, se é do caso, da súa publicación, deberán consignar a distinción concedida.
15. A Asociación de Veciños de Cabreiros e o Concello de Xermade poderán solicitar do autor/a calquera aclaración que estimen conveniente en relación co traballo. Así mesmo, poderán deixar sen efecto o Premio se o beneficiario incumpre as obrigacións sinaladas nas presentes Bases.
16. As cuestión non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado de acordo co seu libre criterio.
17. A participación no Premio implica a total aceptación das presentes Bases.

Xermade, 29 de xuño de 2019.- O Alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2096
